

Grupo 151.H00

Gómez Castro, David	151.H01
González Vázquez, Aida	151.H02
Iglesia Castiñeira, Silvia	151.H03
Lareo Vilela, Lidia	151.H04

O tema escollido por este grupo foi **a infancia e a xuventude**, enfocado cara a unha organización, como o son os equipos **scouts**.

1.1. 3 posts que definen a traxectoria do traballo

“O escultismo? Algo relacionado coa escultura, non?”

24 de febreiro

Continuamos tralos pasos do noso grupo de *scouts*, Guía Vasco da Ponte, e despois de recompilar datos, informacións e sobre todo vivencias, aventurámonos a saír á rúa para coñecer as ideas que a sociedade ten do concepto de *scout* e todo o que o rodea.

Non é difícil darse conta de que hai unha serie de nocións preconcebidas, quizais facilitadas polo cine norteamericano e as novelas que nos introduciron no mundo dos *boy scouts* estadounidenses. Pois ben, a nosa primeira pregunta foi se alguén nos sabería dicir algo acerca do termo **escultismo**. E a resposta, unánime: algo relacionado coa escultura, que ben seguro sería o que responderíamos a inmensa maioría. Ou no seu defecto, a opción máis escollida foi dicir “que non tiñan nin idea”. Aquí vos deixamos o vídeo que demostra a nosa experiencia.

<https://www.youtube.com/watch?v=dxUVAychcno>

E nós preguntámonos: **que é o que falla?** Será a falta de comunicación externa por parte das asociacións, ou a falta de interese dos cidadáns nestas actividades? O que está claro é que a realidade dos *scouts* é vista como algo que está moi lonxe de tocarnos a nós.

En vindeiros posts os meus compañeiros e eu encargámonos de achegarvos o traballo deste grupo, a resolución do enigma por parte dunha das participantes na asociación (que é o escultismo), e máis material facilitado pola experiencia vivida co grupo Guía Vasco da Ponte, o cal aínda estamos analizando e organizando. O venres teredes novidades!

IGLESIA CASTIÑEIRA, SILVIA 151.H03

[\(https://comunepersoal.wordpress.com/2015/02/24/o-escultismo-algo-relacionado-coa-escultura-non/\)](https://comunepersoal.wordpress.com/2015/02/24/o-escultismo-algo-relacionado-coa-escultura-non/)

O que o Movemento Scout protexe

12 de marzo

Ao tratar un tema como o dos *scouts*, directamente relacionado coa infancia e a xuventude, ao ser os máis novos os que conforman esta organización, este grupo ve necesario explicar o contexto no que nos movemos. É dicir, dar unha pequena orientación do que son os Dereitos dos Nenos. Consiste nun Tratado amparado polas Nacións Unidas que establece cales son os dereitos que protexen a tódolos menores de 18 anos, así como os deberes que están obrigados a cumprir.

Entre os puntos máis importantes, estarían o dereito á **vida**, á **non-discriminación** ou á toma de **decisións**, por parte dun adulto ou organización encargada, que máis favoreza ao neno, así como o respecto ás **opinións** que transmita de xeito acorde á súa idade e madurez e sempre que non atente contra outros dereitos. E o Movemento *Scout*, como organización que vela polo benestar e a boa formación e educación dos máis novos, está intimamente involucrado en todo o que ten que ver coa protección deses dereitos. Especialmente, o que recolle o dereito ao espacirmento, ao xogo e á participación en actividades culturais e artísticas, o que vén sendo a verdadeira razón de ser da existencia de dito Movemento.

A participación xunto coa Organización das Nacións Unidas é unha das actividades fundamentais dos *Scouts*. Ambos pretenden erradicar o **traballo infantil** e previr eficazmente a **drogodependencia**. A concienciación do perigo das enfermidades de transmisión sexual, e especialmente do SIDA, ocupan gran parte do intento por mellorar a **calidade de vida** e os sistemas de **saúde** en tódolos países do mundo. Neste enlace ofrécensenos as pautas de como a Asociación de *Scouts* de España ASDE traballa na protección da Convención dos Dereitos do Neno: <http://www.scout.es/asde-y-el-dia-mundial-de-la-infancia/>.

Isto quere dicir, con respecto ao núcleo deste traballo, que é a comunicación, que o Movemento *Scout* traballa alén dos seus. Pese a ser unha asociación pechada, en canto ó alto nivel de fidelidade que se esixe aos seus compoñentes para favorecer o traballo en grupo, tamén se move intensamente fóra dos “límites” que marcan as longas andainas, as acampadas e as pañoletas. Tal e como nos afirmou unha das nosas *scout* entrevistada, Uxía Cabaleiro, “a idea que se pretende acadar é a de facer unha sociedade mellor, onde exista unha colaboración mutua, así como fomentar os valores que axuden a crear esa sociedade mellor”.

En vindeiros posts profundizaremos na relación da infancia e da xuventude cos medios. Tamén falaremos de como eses medios de comunicación retratan ás asociacións e organizacións como as *Scout*, e como ese retrato que se dá pode influir na visión que a sociedade ten acerca do escultismo.

GRUPO 151.H00

GÓMEZ CASTRO, DAVID 151.H01

GONZÁLEZ VÁZQUEZ, AIDA 151.H02

IGLESIA CASTIÑEIRA, SILVIA 151.H03

LAREO VILELA, LIDIA 151.H04

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/12/o-que-o-movemento-scout-protexe/>)

O escultismo en Galicia

24 de marzo

Como xa dixemos anteriormente, o movemento scout naceu a comezos do século XX, coa figura de Baden-Powell como cabeza visible e principal impulsor do escultismo.

A España, e concretamente a Galicia, non tardou moito máis en chegar. No ano 1920 fúndase en Ferrol o Primeiro Consello Local dos Exploradores, baixo o mando de Emiliano Balás: o grupo 19. Xa dende os seus comezos tivo unha gran acollida, chegando a contar con máis de 300 rapaces voluntarios a pesar das difíciles etapas que se aveciñaban. A duras penas foi sobrevivindo durante a Guerra Civil, con notables baixas dentro da asociación.

No ano 1940, xa cun sistema totalmente diferente ó existente nos seus inicios, unha Orde Circular enviada polo Ministerio da Gobernación obriga a suspender tódalas actividades que estaba a realizar a Asociación Nacional de Exploradores. Comezaba deste xeito un período de espera polo rexurdimento da actividade escultista, aínda que con moitos intentos de retorno nese intervalo de tempo.

Xa no ano 62 formalízanse e dáselles forma a eses intentos de regreso, comezando a cristalizarse os primeiros grupos scout en Galicia como tal. Dez anos máis tarde, o movemento é ramificado en dous: en escultismo laico e en escultismo católico. En canto ao primeiro, Galicia conta na actualidade con seis agrupacións escultistas laicas.

Considérase que a primeira en nacer foi a xa mencionada **Grupo 19**, que conta cunhas raíces que proceden da década de 1920.

Logo da caída da dictadura, a actividade scout é retomada con máis forza que nunca, sendo unha época na que fructifera numerosos grupos de rapaces con intención de realizar tarefas coas que aprender e divertirse ao mesmo tempo. Destes, sobreviven o **Grupo Scout Chan**, nacido en Santiago de Compostela no 1975, o **Grupo Scout Semente** na Coruña un ano máis tarde, o **Grupo Scout Hércules**, na mesma cidade no 1977.

Xa en 1985 aparece en Ferrol a asociación protagonista en tódolos nosos posts, o **Grupo Scout Guía Vasco da Ponte**. E moi recentemente, comeza a súa andaina en Lugo o **Grupo Scout Tesela** no ano 2014.

Todos eles pertencen a ASDE Galicia, pero o fundamental é que teñen o propósito de acadar unha mellor convivencia en sociedade, algo que se debe aprender dende ben novos e que non se debe esquecer aínda que se madure.

IGLESIA CASTIÑEIRA, SILVIA 151.H03

[\(https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/24/o-escultismo-en-galicia/\)](https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/24/o-escultismo-en-galicia/)

Para a escollo destes 3 posts baseámonos nas palabras clave arredor das que nos movemos durante toda o proceso de traballo. Unha das cuestións clave que plantexamos dende o comezo para crear incertidume e chamar a atención dos compañeiros foi a de que é o escultismo. Ademais, queriamos saber se era un vocábulo de dominio público ou non, por iso plantexámoslle a pregunta a distintas persoas alleas ao tema, a priori, e subimos o vídeo ao blog. Desta forma, os compañeiros puideron comentar sobre o tema e, nos seguintes posts, xa lles explicamos o significado de escultismo. Así, conformamos un marco terminolóxico no que se pode situar todo aquel que estivese perdido nun primeiro momento porque pensara que a palabra “escultismo” era algo relacionado coa “escultura”.

A nosa andaina continuou definindo os obxectivos que persiguen as asociacións de scouts como a que colaborou con nós (Grupo Scout Guía Vasco da Ponte), que é a preservación dos dereitos dos máis novos, así como a inculcación dos valores promovidos por Baden-Powell alá polos comezos do século XXI. É por isto que consideramos este post outro dos eixos principais da nosa labor. Falar do que se inculca dende estas asociacións axuda a que a xente que descoñecía a súa existencia, comprenda a boa labor social que están levando a cabo.

Por último, optamos por romper con esa idea imperante de que so existen os *Boy Scouts* de América, cando en realidade os temos moito máis preto e bastante afastados desa imaxe que todos tiñamos na cabeza nun primerio momento. É por isto que eliximos como terceiro eixo un post no que falamos dos scouts galegos. Porque en Galicia hai numerosas asociacións, tanto laicas coma católicas, e todas elas comprometidas cos valores do movemento. En concreto, a que nos eliximos como protagonista provén de Ferrol, por ser un grupo que dende o primeiro momento se mostrou completamente disposto a colaborar no noso traballo e a proporcionarnos tódala información que puidésemos precisar, así como pola cercanía xeográfica, acrecentada polo feito de que unha das integrantes do noso grupo é da zona anteriormente citada. Así, tamén tratamos de amosar que todo o que estea interesado nestas actividades, non ten que ir moi lonxe para atopalas, porque, como dicíamos, non so en Estados Unidos hai scouts.

Por todo isto, vemos necesario que se den a coñecer, eliminando así certos estigmas tradicionais e non demasiado precisos, por non dicir nada precisos: como se dicía nalgún comentario, tiñase a sensación de que os scouts baseaban as súas actividades en facer fogatas, vender galletas polas portas das casas do barrio máis achegado, e rezar. Sobre todo, rezar moito. Neste caso traballamos cunha asociación que é completamente laica, algo que non debería supór unha novidade. E non só eliminándoos, senón que substituíndoos por uns novos e máis axustados á realidade dos scouts do século XXI: uns scouts que non exclúen por ningún motivo sexual, relixioso ou racial, entre outros. Uns scouts que prestan a súa axuda mutuamente, que aprenden a convivir en sociedade, a ser mellores cidadáns, a colaborar, así coma o verdadeiro significado da palabra amizade e do termo compromiso, con todo o que elo conleva.

1.2. 4 Comentarios realizados e 4 comentarios recibidos

COMENTARIOS RECIBIDOS

A continuación, incluimos os comentarios recibidos (en imaxes) e os enlaces que levan ao post orixinal no que se escribiron. Estes catro comentarios foron elixidos por un motivo concreto, porque cremos que definen ben o que se tratou de facer ao longo de todas estas semanas, a evolución do traballo e a repercusión que tivo nos nosos compañeiros.

O primeiro comentario escollido corresponde a un deixado por Carmen Rapado. Este pareceunos interesante porque nel, a nosa compañeira reclamaba que se explicara o que é o “escultismo”, e a esta reclamación lle respostamos nos seguintes posts. Ademais, no seu comentario fai ver que estaba interesada no tema e que estivo investigando nel, o cal reflicte un traballo de fondo.

Outro comentario que nos gustou foi o da compañeira Linda Pipkova. En primeiro lugar, porque toca o tema dos tópicos scouts, que tantas veces temos mencionado nós. En segundo lugar, fala da acción social dos scouts, de que son algo máis que o tópico de ir vendendo galletas de porta en porta. E por último, porque nel fala da súa propia experiencia como membro dun grupo scout na República Checa (o seu país), o que dá máis forza ao noso argumento de que os scouts están en todo o mundo, pese a que os máis coñecidos sexan os estadounidenses.

Outro dos eixos sobre o que xira este traballo é o da educación. Debido a que a temática na que se inclúe este traballo é a de infancia e xuventude, é lóxico tratalo. Nun post no que falabamos de educación, a nosa compañeira Irma Rivera falounos dun interesante modelo educativo, a pedagogía Waldorf. Cada día máis coñecida (como os scouts), este tipo de ensinanza trata de dar máis importancia a aspectos que na educación reglada quedan relegados, como son a pintura, a música, o teatro..., deixando que os nenos se desenvolvan ao seu ritmo. Famosos como Harrison Ford, Jennifer Aniston ou Clint Eastwood apoian este tipo de ensinanza.

Por último, un comentario que nos chamou a atención tanto polo seu contido, como polo documentado que estaba e pola súa extensión foi o de Cristina Pérez Marquina. No post no que se deixou este comentario, falabamos da parte do escultismo relacionada coa muller, pois moitas veces a figura dos scouts está ligada ao home. No seu comentario, Cristina comparte con nós a historia de dúas mulleres europeas que, enfrontándose á realidade do seu tempo, destacaron en experiencias de guidismo. Isto acompañaos dos enlaces, co que é un comentario completo, interesante e digno de ser destacado.



Carmen Rapado García | 16 Febreiro, 2015 ás 17:01

👍 0 🗨️ 0 ⓘ Rate This

Está ben que existan asociacións como o Grupo Scout Guía Vasco da Ponte que promovan a igualdade, a liberdade, a solidariedade, etc entre mozos e mozas, que realmente son o futuro. Penso que é fundamental inculcar valores deste tipo xa desde pequenos para que así se vaian introducindo na súa forma de ser pouco a pouco e non de súpeto.

A metodoloxía de traballo desta asociación é a denominada escultismo, como ben nomeas no teu post.

Buscando pola rede, atopei a web doutra organización de Ferrol coa mesma base no escultismo. Na sección "Metodoloxía" da páxina oficial desta ONG (<http://scoutsferrol.org/conocenos/metodologia.html>) explicanse os puntos básicos nos que consiste o escultismo, e gracias a ela tiven as ideas máis claras. A vós tamén podería axudarvos. Estaría ben que explicardes un pouco máis esta metodoloxía (xa que é a base da organización), aínda que supoño que nos seguintes posts iredes falando do tema con máis detalle.

Indagando na súa páxina, informeime das actividades que realizan, todas elas moi centradas na concienciación en temas sociais. Ao meu parecer, moi boa elección este traballo.

RAPADO GARCÍA, CARMEN 152.D03



seminarlocomunicacion1 | 29 Marzo, 2015 ás 18:17

👍 0 🗨️ 0 ⓘ Rate This

Moitas grazas pola web, Carmen. Sen dúbida trae apartados interesantes. No noso grupo concretamente, tamén se realizan actividades de forma bastante frecuente, e entre elas están as de carácter social.

Gómez Castro, David
151.H01

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/02/16/proyecto-grupo-scouts/#comments>)



seminariocomunicacion1 | 8 Marzo, 2015 ás 15:14

👍 0 🗑️ 0 🗨️ Rate This

Cuando yo era pequeña, fuimos a el Grupo Scout con mis hermanas y por lo me parece este tema muy interesante, porque tengo sólo los recuerdos mejores. Entre las marcas de un Scout no hay sólo el pañuelo que se pone alrededor del cuello, La Flor de Lis o las promesas , pero también amigos, comunidades de personas que comparten valores similares. Crecer en el Scout significa aprovechar la oportunidad de vivir de pleno, ser activo y encontrar su propio lugar en el mundo.

El Movimiento Scout es una oportunidad para desarrollar no sólo nosotros mismos pero también a nuestro alrededor. Chicos y chicas de Scout están tratando de crear un mundo mejor al tomar sus vidas en sus propias manos. El escultismo honores particularmente siguientes valores: desarrollo de la personalidad de los niños y los jóvenes, no ser falto, ser considerado con el medio ambiente, tener una relación con la naturaleza, colaborar con otras personas y ser independiente, pero también siempre ser capaz de ayudar.

En la República Checa hay una unión JUNAK, con la participación de 50.000 niños, jóvenes y adultos voluntarios y lo es la mayor organización educativa en el país. También es miembro de la Scout Mundial organizaciones OMMS y la AMGS.

PIPKOVA LINDA, 151.G05



Lidia Lareo 151.H04 | 26 Marzo, 2015 ás 15:10

👍 0 🗑️ 0 🗨️ Rate This

Efectivamente, el lema scout es "Creating a better world", creando un mundo mejor. Y para ello hay que empezar desde abajo, desde el principio. Así, como dices tú, no solo se desarrollan ellos sino que también se incluye su alrededor. Y es que los scouts, por ejemplo los de la asociación con la que trabajamos nosotros (Grupo Scout Guía Vasco da Ponte), también hacen trabajos sociales relacionados con el voluntariado. Porque para crear un mundo mejor, hay que hacerlo entre todos.

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/02/27/el-escultismo-una-forma-de-vida/#comments>)



seminariocomunicacion1 | 20 Marzo, 2015 às 17:09

👍 0 🗨️ 0 🔄 Rate This

Francamente, me encanta el tema del que habláis en este post.

Desgraciadamente, estas iniciativas deberían haberse llevado a cabo desde hace años. Si hubiese sido así, es probable que no hubiésemos llegado a tener este pobre sistema educativo que, a pesar de las continuas reformas que sufre, parece que no termina de modificarse.

Hay una cosa que sí me gustaría destacar. No resto importancia a las actividades interdisciplinarias o el respeto a la naturaleza que mencionáis, en absoluto. Pero considero que para empezar habría que cambiar otros conceptos y actitudes bastante más abstractos y profundos, que están muy interiorizados y que parece que nadie les da la menor importancia. La libertad, el respeto hacia los demás o el respeto hacia uno mismo, son temas cuyas respuestas parece que caen de cajón, pero que en realidad no están en absoluto asimiladas. Es completamente imposible que uno respete la naturaleza si considera que tiene el derecho a humillar al compañero que tiene delante. Así de sencillo.

Hace tiempo, me hablaron sobre la pedagogía Waldorf, centrada precisamente en este tipo de aspectos. Puede que de entrada suene bohemio de más, pero realmente tiene cosas muy interesantes.

Os dejo el enlace de una página en la que podéis informaros:

<http://colegioswaldorf.org/pedagogia-waldorf/>

¡Ánimo!

RIVERA MOLINS, IRMA 152.D05



Aida González 151.H02 | 26 Marzo, 2015 às 15:42

👍 0 🗨️ 0 🔄 Rate This

La pedagogía Waldorf es algo sobre lo que ya había leído antes. Sus ideales y principios éticos corresponden con los de la UNESCO, lo que hace que esta enseñanza sea positiva. Retomando nuestro proyecto, el de los scouts, asociaciones como esta fomentan aquello que dices que debería ser más importante: la libertad, el respeto a los demás o el respeto hacia uno mismo.

Con todo, ambas opciones son compatibles y debemos seguir mejorando el sistema educativo, quizá incluyendo trazas del sistema Waldorf.

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/19/ensename-pero-bonito/#comment-16006>)



Cristina Pérez Marquina | 13 Abril, 2015 às 07:50

Rate This

Las primeras mujeres en la historia del escultismo rechazaron los prejuicios de la época y quisieron, al igual que los niños, poder participar y tener presencia en este movimiento juvenil. La opinión popular de ese entonces no compartía que las muchachas jóvenes realizaran las pruebas y prácticas de destreza llevadas a cabo por los hombres, de este modo se buscó crear una opción adecuada para las mujeres. Al llevar a cabo estas experiencias en el tiempo libre lo que se pretendía en su origen era desarrollar por un lado las habilidades domésticas y por otra parte, apoyar un feminismo práctico, basado en el desarrollo físico, habilidades de supervivencia y campismo, además de educación, tanto para la vida como para la ciudadanía.

En Europa las primeras experiencias de guidismo, como se denomina la práctica de escultismo adaptada a niñas y jóvenes mujeres fue emprendida por Olga Malkowska en Polonia y Antoinette Butte en Francia.

Olga Malkowska (en este enlace: (http://textos-espanoles.es/olga_drahonowska-ma%C5%82kowska) podréis encontrar alguna información que tal vez os seas de interés, a pesar de la mala redacción, hay muy poca información acerca de estas mujeres en la red) se introdujo en el movimiento Scout gracias a una amiga y más tarde influiría en ella su esposo, Andrzej Malkowski. Fue jefe de Tropa de la tercera Lwów Girl Scout Company, que tenía una veintena de niñas de entre 15 y 20 años. Además, destaca por ser el primer jefe de las Guías Scouts en Polonia entre los años 1911-1912. Durante el verano de 1914 organizó el primer campamento scout nacional. En 1932 fue líder de la VII Conferencia Mundial de las Girls Scouts en Bucz. Entre 1948- 1960 se encargó del Hogar Infantil de Polonia en Hawson Corte, Devon.

En Francia, Antoinette Butte (<http://hispania.revistas.csic.es/index.php/hispania/article/viewFile/34/34>) junto con Violette Mouchon crearon la sección de exploradoras en el seno de la Mission populaire évangélique de la Calle Marcadet de Paris . Además organizaron a las exploradoras y las condujeron progresivamente hacia el camino de la autonomía.

Entre 1919 y 1920 se constituyeron las primeras unidades de escultismo femenino neutro bajo la iniciativa de Marthe Levasseur, hija del comisario de policía del distrito, y de dos jóvenes burguesas (Margueritte Walter y Renée Sainte-Claire Deville) respectivamente de origen protestante y católico. En el Paris de la época solo había un movimiento que agrupaba en la misma asociación la rama protestante y la rama neutra, La Fédération française des éclaireuses, cuyas animadoras veían en el escultismo una vía eficaz para que las jóvenes de clases populares pudieran disfrutar de los beneficios de la educación moderna.

PÉREZ MARQUINA, CRISTINA 152.C01



seminariocomunicacion 1 | 13 Abril, 2015 às 15:00

Rate This

Muchas gracias por los links, Cristina. Muy interesantes. La verdad es que se ha avanzado mucho en los derechos de las mujeres estas últimas décadas y el scout ha sido una de las actividades que más ha luchado por ello. Aun queda mucho por trabajar en este aspecto y en las discriminaciones de todo tipo a las mujeres.

Gómez Castro, David
151.H01

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/04/10/little-ship/#comment-16428>)

COMENTARIOS REALIZADOS

A elección dos comentarios que foron realizados por este grupo baséase no nivel de implicación ou relación que exista entre o tema comentado e o noso propio tema, así como a transcendencia que pode ter no noso futuro laboral, tendo en conta que somos, ante todo, estudantes de xornalismo.

No primeiro caso, Aida deixa constancia do seu interese no traballo dos nosos compañeiros, dado que era un tema de infancia e xuventude, ao igual que o noso. O trato cos máis novos era un punto común, gracias ao cal se podían achegar posturas ou experiencias como complemento, tanto para o proxecto dun grupo como do outro.

En canto ao segundo comentario, realizado por Lidia, refírese a un tema que nos toca moi de preto, no persoal, no académico e no que respecta á esencia e fío condutor desta materia: a comunicación dentro dos grupos de investigación, concretamente na USC. Pois de nada serve a investigación se non chega a ser recoñecida nunca, e o seu recoñecemento só se pode acadar mediante o proceso comunicativo cara o resto da cidadanía. É por isto que eliximos este comentario.

A terceira das nosas eleccións é un comentario realizado por Silvia, fundamentalmente, por tratar un tema que nos toca máis de preto que ningún outro: o futuro do xornalismo. Neste caso, tratábase da supervivencia do periodismo tradicional fronte á “ameaza” que lle pode supór o dixital. Non é algo que estivese especificamente relacionado co traballo do noso grupo, pero si cremos que é algo de especial relevancia para nós como estudantes, ante todo, de xornalismo.

Respecto á nosa última elección, sucede o mesmo que co anterior. É un comentario de David que fai referencia ao tema que máis preto nos queda: o xornalismo e a actuación de moitos medios dentro dese campo. Información e opinión teñen suficientes diferenzas como para non ter que mesturarse nunca. En canto ao noso traballo, procuramos deixar ben diferenciados ambos conceptos en cada un dos nosos posts, coa fin de evitar confusións.



Aida González | 25 Febreiro, 2015 ás 19:01

👍 0 🗨️ 0 Rate This

Coincido con mis compañeras, el riesgo de exclusión no debiera ser una preocupación a mayores en la vida de estos chicos y chicas, que ya de por sí, no lo han tenido fácil. La lucha contra el estigma de la marginalidad es una labor a reconocer a organizaciones como Arela. Me gustaría saber si vais a tratar en algún momento qué es lo que ocurre con estos jóvenes cuando abandonan la casa de familia: la vuelta con sus familiares, la adopción, los programas de acogimiento familiar preadoptivo... Y sí, en algún momento se tienen en cuenta sus preferencias o dependen siempre de una sentencia judicial.
González Vázquez, Aida 151.H02




raquelotero | 17 Marzo, 2015 ás 22:44

👍 0 🗨️ 0 Rate This

Depende mucho del caso, lo primero que buscan para los chicos de la casa familia es normalizar la situación familiar y que se queden con la familia que tienen. La adopción es un último recurso y no siempre es viable, porque las personas que buscan adoptar a un niño quiere uno que sea muy pequeño y aquí tienen chicos de todas las edades.


Arela trabaja a partir de la decisión de un juez en la parte de reforma (cuando hay un menor que ha cometido una falta independientemente de la situación familiar) y está supervisado por La Xunta, ya que los niños no "pertenecen" a la asociación.

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/02/24/como-es-una-casa-familia/#comments>)

 **Lidia Lareo** | 6 Marzo, 2015 ás 18:56


👍 0 🗨️ 0 🗳️ Rate This

Darse a coñecer é moi importante para triunfar. E máis aínda se se trata de grupos de investigación da Universidade, pois na difusión das súas investigacións está o seu éxito. Por iso, parécese unha importante labor a que está levando a cabo esta rapaza. Con todo, creo que ademais do Facebook, Twitter e o blog, deberían buscar unha estratexia comunicativa que chegue ao seu público. Coa axuda doutra persoa ou dun grupo, e mediante técnicas coma o Brainstorming, poderían chegar a conclusións interesantes. Por outra banda, os medios de comunicación convencionais non se poñen en contacto, normalmente, cos grupos de investigación por vontade propia. E menos se apenas son coñecidos. Así que ter que mandar notas de prensa é o máis habitual. Ademais que así aseguran que a información que se manda é a que realmente pretendían mandar. Polo demais, unha gran labor a de Patricia.

 **Lidia Lareo** | 6 Marzo, 2015 ás 18:56

👍 0 🗨️ 0 🗳️ Rate This

LAREO VILELA, LIDIA
151.H04





 **seminario comunicacion7** | 4 Abril, 2015 ás 15:30

👍 0 🗨️ 0 🗳️ Rate This

Creemos que darse a coñecer é moi importante, ao igual que saber manter o interese do público cara as creacións que se realizan. Para isto, pensamos que a utilización dunha linguaxe comprensible pola sociedade é fundamental, a par de contar con estratexias para chegar ao público dun xeito máis eficaz. Ao noso parecer, sen comunicación sería como se non existira investigación, porque nadie máis que os propios membros do grupo poderían beneficiarse das súas labores e coñecer os novos descubrimentos. Non obstante, Lois Celeiro, responsable do Gabinete de Prensa da USC ten unha opinión que difire en certa medida ca nosa e que tratamos en posteriores posts.

Caamaño Deus, Sofia 151.B02


(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/04/09/de-ciencia-sociedade-e-xornalistas/#comments>)




  0  0  Rate This

Internet e as redes sociais renovárono todo, e o xornalismo non ía ser menos. O problema reside en que as novas tecnoloxías pasaron por riba deste sector, de xeito que quedou incluso obsoleto, sen saber moi ben como repoñerse. Nunca avogarei pola fin dos medios en papel, xa que como ben di a nosa compañeira Alba, creo que a súa salvación está en renovarse, non en substituírse polo dixital. Hai que darse conta de que se os xornais tradicionais teñen data de caducidade practicamente inmediata, na rede as noticias fariáanse cada vez máis efímeras, sempre en busca de algo máis novo, máis actual, pasando ó esquecemento con máis facilidade.

Pero non so se teñen que renovar os medios, senón tamén aqueles que se dedican ao oficio ou aqueles que temos pensado adicarnos algún día. Achegar a nova forma de informar a esas xeracións que non colleron o tren das novas tecnoloxías a tempo. Na miña opinión, papel e dixital non teñen por que excluírse un ao outro, senón que poden funcionar complementándose, nutríndose un do outro.

IGLESIA CASTIÑEIRA, SILVIA 151.H03

 **seminariocomunicacion1** | 22 Abril, 2015 ás 15:12

 0  0  Rate This

Comparto a túa opinión de que ambas dúas formas de facer xornalismo poderían sobrevivir á par, pero témome que non será así, como sempre pasou e pasará na historia, un dos dous xornalisms quedará obsoleto e desaparecerá, e eu aposto por un xornalismo renovado, que nós permita exercer en calquera momento grazas á tecnoloxía.

MONTÁNS PARMO, LUCÍA 152.D01

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/04/07/traballamos-co-publico/#comments>)



seminariocomunicacion1 | 9 Marzo, 2015 ás 22:46

👍 0 🗨️ 0 🗳️ Rate This

A mi particularmente me han sorprendido las dos respuestas discordantes a las dos preguntas realizadas a los trabajadores de la Cadena SER. En el primer caso, porque está bastante claro que la ocultación de información está ahí, todos los medios se mueven por intereses y no cuentan todo. Afortunadamente, en la era de Internet, es mucho más fácil comparar y consultar todos los medios que así se deseen. Llego a barajar que las dos personas que contestaron que no hay ocultación de la información lo hagan por 'amor' o 'apego' a su empresa, incluso por miedo.

En la segunda pregunta, se confunde el tiempo de la información y el de opinión. Evidentemente, información y opinión aparecen mezcladas a diario en progrmas como los matinales (en esa misma casa, Hoy por Hoy), pero el tiempo de la información y el de la opinión están completamente diferenciados. Aunque pueden ir juntos, nunca deben ir revueltos.

GÓMEZ CASTRO, DAVID. 151.H01



seminariocomunicacion1 | 16 Marzo, 2015 ás 20:47

👍 0 🗨️ 0 🗳️ Rate This

La verdad es que es bastante llamativa alguna respuesta. Puede ser lo que tú dices, quizás tengan demasiado apego a su empresa y por eso no se "atreven" a decir lo que piensan. Puede incluso que lo piensen de verdad, aunque es extraño.

Por otro lado, es prácticamente imposible que la información no lleve parte de opinión, pero como tú dices, debe haber una distinción clara.

RAPADO GARCÍA, CARMEN 152.D03

(<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/09/como-tratan-os-xornalistas-a-informacion/#comment-15399>)

2. Intercambio de Lecturas Recomendadas

No post publicado o 2 de marzo polo noso compañeiro David Gómez Castro (<https://comunepersoal.wordpress.com/2015/03/02/que-soy/>) faciamos referencia a unha das lecturas realizadas nesta asignatura, a de “Los imaginarios sociales en la Comunicación Interpersonal” de Salvador Moreno. Desta forma, relacionabamos unha cita extraída dese texto co tema dos scouts. “A partir de creencias, ideas y valores podemos tener diferentes interpretaciones de una situación humana y, por consiguiente, maneras diferentes de comunicarnos y actuar”, é dicir, segundo os valores que nos sexan inculcados, segundo as situacións que nos rodeen ou teñan rodeado, as relacións interpersoais que se sucedan van ser diferentes. Os valores dos scouts, do escultismo, fan que, como dicimos no post, ser scout sexa unha forma de vida que determine un xeito de enfrentarse a situacións do día a día.

Outra das lecturas propostas que ten certa relación co noso traballo, desta volta en vídeo, é o filme Local Hero. En concreto, un dos eixos importantes, a tecnoloxía. Facendo un símil con dita película, cando o protagonista chega a Escocia, é coma cando os scouts van de ruta, as tecnoloxías, todas as comodidades do día a día quedan apartadas. Non hai móbiles, non hai unha constante interacción online. É o momento de convivir coa xente que lles rodea (igual co que sucede en Local Hero) e sacar unha lección diso.

O noso método de traballo garda en todo momento estreita relación co descrito por Ryszard Kapuscinsky no seu libro “Los cínicos no sirven para este oficio”, lido por Aida . Decía o autor polaco que un xornalista non debe falar nin escribir sobre algo ou alguén co que non se teña compartido nin un só minuto de vida. Neste senso, o noso traballo de campo, baseado na integración no contexto da comunidade do grupo scout Guía Vasco da Ponte cumpre co estipulado. Ademáis, este mesmo autor sinalaba os prexuízos individuais de cadaquén como un sesgo á hora de interpretar a información que outros -condicionados, ademáis, polos seus prexuízos propios- lles proporcionan. É por isto polo que nós, como grupo, comezamos derrubando inicialmente os nosos propios prexuízos sobre o mundo scout para, a posteriori, proceder a derrubar os que tiña asimilados o resto da clase. Polo que estes nos levan contado nos comentarios, parece que demos co obxectivo a acadar.

Á hora de traballar con grupos scout, os conceptos que manexamos nesta materia cobran máis sentido se cabe, posto que eses grupos sostéñense a base dunha estreita relación entre os membros que forma a rede sobre a que descansan os principios de colaboración e axuda mutua. Isto, vese especialmente reflectido no filme visionado por Silvia, “Caro diario”, no que nun dos capítulos existía unha vila na que ningún dos seus veciños se relacionaba entre si, co que xamais se chegaría a unha sociedade, nin sequera achegarse a selo. A comunicación que existe entre un grupo, así como cos demais grupos, é indispensable para o intercambio de información ou para que chegue a existir un certo grao de confianza. Se por algo se caracterizan os scouts cos que tratamos é porque, por riba de ser membros dunha mesma organización, úneos sobre todo uns fortes lazos de compañeirismo e cooperación, precisamente porque existe esa comunicación fluída.

'Stories We Tell' é unha das películas recomendadas que pode ser relacionada co tema dos scouts, no sentido da unidade grupal e do compañeirismo. Os diferentes puntos de vista para trazar unha historia poden ser relacionados cos scouts, que forman un grupo unido, que coas discrepancias típicas de calquera comunidade, conseguen estar unidos ante todo tipo de contratemplos. Na película todos os entrevistados formaban unha comunidade, na que todos ou case todos se coñecían, ao igual que os scouts, que crean unha comunidade, un grupo de amigos no que traballan, loitan e colaboran, pero sempre baixo a unidade. Xuntos tamén crean unha historia común, xuntos, coas súas diferenzas, coa súa forma de ser, crean unha unión perfecta como na película, na que opinión de todas as persoas que son entrevistadas durante a duración da película se complementan de forma fantástica a unha coa outra.

Se ben é certo que con estas lecturas realizadas conseguimos, todos nós, afianzar determinados conceptos que non estaban aclarados totalmente, coa axuda e as ideas de todos os compañeiros. Isto reflectiuse directamente no blog, pois dado que eses termos estaban, na súa maioría, estreitamente ligados co tema que nós tratábamos, podemos falar con máis propiedade e así transmitir a mensaxe que pretendíamos con maior precisión.